



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 19 DE NOVIEMBRE DE 2025 NA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN PARA A COBERTURA DE TRES (3) PRAZAS/POSTOS, DE CÁMARA PROFESIONAL-REPORTEIRO/A DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NA OE 2024.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno de data 10.10.2025, aprobáronse as bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas do cadro de persoal funcionario ou laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal), cota xeral e cota de reserva a persoas con discapacidade, publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 238, do 16.10.2025.

Na mesma sesión a Xunta de Goberno aprobou a convocatoria e as bases específicas para a cobertura de tres (3) prazas/postos de cámara profesional-reporteiro/a, do cadro de persoal laboral, reservadas a promoción interna vertical, incluídas na OEP do ano 2024 e publicadas igualmente no BOP núm. 238, do 16.10.2025.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o 05.11.2025, e para cumprimento do establecido na convocatoria e nas Bases Xerais 6, 7 e 8.1.3.1, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 54 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020), RESOLVA:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de *admitidos/a* ao proceso selectivo:

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	DE CESÁREO FERNÁNDEZ, MIGUEL ÁNGEL	***1581**
2	FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, FRANCISCO	***3298**
3	HORTAS ALONSO, ANA MARÍA	***3141**

2º.- Nomear as persoas integrantes do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTA/E:

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Don Adriano Fernández del Moral, técnico cámara-reporteiro, no Departamento de Cámaras do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Pablo Bao Rodríguez, profesor taller-técnico produción, no Centro de Formación Audiovisual do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

Titular: Don Daniel Lourido Sarandeses, técnico cámara-reporteiro, no Departamento de Cámaras do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Francisco José Veiga Carral, profesor taller-técnico produción, no Centro de Formación Audiovisual do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

Titular: Don Iago Viana González, profesor no Centro de Formación Audiovisuais da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona María Reyes Costas Manzanares, profesora no Centro de Formación Audiovisuais da Deputación de Lugo.

SECRETARIO/A:

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Antía Pena Dorado, asesora técnica no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

COLABORADORA:

Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora procesos selectivos na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo ou Dona Beatriz Valle Vara, auxiliar na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

3º.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal, para que comparezan o **luns día 24 de novembro de 2025, ás 9 horas**, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, para a súa constitución.

4º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na web corporativa da Deputación de Lugo, apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución, que aproba a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte o da publicación da presente resolución no BOP, para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional, considerárase esta definitiva, sen necesidade de nova publicación.

Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da presidencia da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no BOP, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento, conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 20 de novembro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3286

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 19 DE NOVIEMBRE DE 2025 NA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN PARA A COBERTURA DE CATRO (4) PRAZAS/POSTOS, DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NA OE 2025

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno de data 10.10.2025, aprobáronse as bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas do cadro de persoal funcionario ou laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal), cota xeral e cota de reserva a persoas con discapacidade, publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 238, do 16.10.2025.

Na mesma sesión a Xunta de Goberno aprobou a convocatoria e as bases específicas para a cobertura de catro (4) prazas/postos de maquinista-condutor/a, do cadro de persoal laboral, reservadas a promoción interna vertical, incluídas na OE do ano 2025 e publicadas igualmente no BOP núm. 238, do 16.10.2025.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o 05.11.2025, e para cumprimento do establecido na convocatoria e nas Bases Xerais 6, 7 e 8.1.3.1, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire

o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 54 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020), **RESOLVA**:

1º.- Aprobado a seguinte listaxe provisional de **admitidos** ao proceso selectivo:

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	FERNÁNDEZ GÓMEZ, JOSÉ LUIS	***8380**
2	FERNÁNDEZ IRAVEDRA, RUBÉN	***5131**
3	RODRÍGUEZ MORÁN, ADRIÁN	***4995**
4	VILARÍN GONZÁLEZ, JUAN CARLOS	***7914**

2º.- Nomear as persoas integrantes do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTA/E:

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Don Manuel Pillado Rego, adxunto ao xefe do Parque Móbil da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Fernández González, maquinista - condutor no Parque Móbil da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Marta Herbón Meilán, enxeñeira técnica de obras públicas no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Darío Ferreiro Otero, enxeñeiro/a camiños, canles e portos – adxunto ao xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Titular: Don José Fernández Parajes, enxeñeiro técnico de obras públicas, xefe da Sección de Vías e Obras da Deputación de Lugo

Suplente: Don José Manuel Piñeiro García, enxeñeiro técnico de obras públicas no Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación de Lugo.

SECRETARIO/A:

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Antía Pena Dorado, asesora técnica no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

COLABORADORA:

Dona Olalla Vilela Carballo, administrativa na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo ou Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora procesos selectivos na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

3º.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal, para que comparezan o **luns día 24 de novembro de 2025, ás 9 horas e 45 minutos**, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, para a súa constitución.

4º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na web corporativa da Deputación de Lugo, apartado Empleo Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución, que aproba a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte o da publicación da presente resolución no BOP, para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional, considerarase esta definitiva, sen necesidade de nova publicación.

Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da presidencia da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no BOP, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento, conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 20 de novembro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3287

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Nomeamento de Técnico de Xestión como funcionario de carreira no Concello de Alfóz e publicación da listaxe de garda.

Concluído o proceso selectivo para selección e provisión en propiedade de praza de Técnico de Xestión segundo a convocatoria publicada no BOP Lugo núm. 137 de 17 de xuño de 2025, por Resolución de Alcaldía de data 18 de novembro de 2025, procedeuse a nomear a SERGIO LOPEZ RAMUDO, con DNI: ***5716**, como funcionario de carreira, para desempeñar a praza de TÉCNICO DE XESTION, da escala de administración Xeral I, subescala Xestión, grupo A, subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario do Concello de Alfóz e o posto de traballo PT003, Área funcional de SECRETARÍA, ECONOMÍA, RÉXIME INTERIOR E ASUNTOS XERAIS. Unidade de Secretaría, Intervención e Tesouraría.

Igualmente, no expediente queda formada listaxe de garda para a praza referida, co seguinte orde das persoas:

1. Patricia Ben Magide.***5151**
2. Iago Pernas Mourenza***8345**
3. Maria Isabel Seijo Rolán.***5454**

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos do artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e do artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Provisional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Alfóz, 18 de novembro de 2025.- A alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 3260

BURELA

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 21 de agosto de 2024 adoptou Decreto que di:

PRIMEIRO.- Delegar no Primeiro Tenente de Alcaldesa de esta Corporación Mario Pillado Mon a competencia para a autorización do matrimonio civil entre José Olivio Horta Jorge e Genoveva Borges Semedo, que se celebrará o 20 de novembro de 2025, ás 13:30 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 14 de novembro de 2025.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3236

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 10 de novembro de 2025, aprobaronse as liquidacións dos recibos de subministro de auga, depuración e saneamento e o Padrón das taxas recollida lixo e canon de auga para o 5º bimestre de 2025, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 20 Novembro de 2025 e o 20 de xaneiro de 2026.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 10 de novembro de 2025.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3238

LOURENZÁ

*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO****Padrón fiscal do Servizo de AXUDA NO FOGAR do mes de Outubro de 2025.****EDICTO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 11 de novembro de 2025, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Outubro de 2025 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil oitocentos cuarenta e oito euros con sesenta e cinco céntimos de euro (3.848,65€), tres mil cincocentos trinta euros con cuarenta e catro céntimos de euro (3.530,44€) correspondente a dependencia, e trescentos dezaioito euros con vinte e un céntimos de euros (318,21€) son de libre concorrência.

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de outubro de 2025.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo sociais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será da primeira quincena do mes seguinte.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 12 de novembro de 2025.- A alcaldesa, D.^a Rocío López García.

R. 3239

AS NOGAIS

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 14 de novembro de 2025, o orzamento xeral para o exercicio 2026 e documentación que se acompaña, conforme ao previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación integrante do mesmo polo prazo de quince (15) días desde a publicación deste anuncio no BOP de Lugo, para os que teñan a condición de interesados poidan presentar reclamacións ou alegacións. Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. De conformidade co disposto na Lei das facendas locais, o orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non presentan reclamacións.

As Nogais, 14 de novembro de 2025.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3240

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Exposición ao público da conta xeral do concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio 2024.

Formulada e rendida a conta xeral do Concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio 2024 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 17 de novembro de 2025; de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público xunto cos documentos xustificativos durante quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales, os interesados poderán presenta-las reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes.

Outeiro de Rei, 17 de novembro de 2025.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3261

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data 7 de novembro de 2025 aprobouse o padrón das Escolas Deportivas municipais correspondente ao mes de outubro 2025, por importe total de 2.261 euros, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e se presenten contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuintes.

A presente publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 7 de novembro de 2025.- A alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 3242

RIBAS DE SIL

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS

Unha vez transcorrido o prazo de información pública sen haberse formulado reclamación algunha en relación co acordo de aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria Nº MC23/2025 TC10 na modalidade de transferencia de créditos entre partidas de distinta área de gasto, en cumprimento do establecido no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2024, do 5 de marzo, faise público o resumo da citada modificación:

Aumento en aplicacións de gastos

APLICACIÓN	DETALLE	IMPORTE
1623-227	SOGAMA	10.000,00
170-214	Administración Xeral do Medio Ambiente: elementos transporte	2.000,00
170-202	Admón. Xeral do Medio Ambiente: servizo gardería de animais	1.742,40
231-761	Convenio residencia maiores 2024	2.200,00
241-62901	F. Emprego: materiais Obradoiro Sillor XI	10.386,41
	TOTAL	26.328,81

Diminucións en aplicacións de gastos

APLICACIÓN	DETALLE	IMPORTE
338-22600	Festas populares e Festexos	-15.942,40
170-619	Achega Quiroga "Servizo vixilancia ambiental"	-10.386,41
	TOTAL	-26.328,81

Segundo dispón o artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo Real Decreto, contra este expediente poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo. Ribas de Sil, 13 de novembro de 2025.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 3241

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 12.11.2025, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **OUTUBRO/2025**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

- * Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.
- * Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse

recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 13 de novembro de 2025.- A alcaldesa-presidenta, D.^a María Jesús López López.

R. 3243

Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 03.10.2025 o padrón municipal da Taxa por subministro de auga e canon da auga a Samos e parroquias limítrofes, correspondente ao 2º trimestre de 2024, expónse ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado éste sen presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.

O cobro do mesmo realizarase mediante cargo na conta bancaria respectiva, para aqueles que o teñan domiciliado, e mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello en Abanca, noutro caso.

Fixase como periodo de cobro en voluntaria o prazo de dous meses dende o día seguinte a finalización da exposición desta publicación no BOP.

A falta de pagamento en periodo voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 12 de novembro de 2025.- A alcaldesa, María Jesús López López.

R. 3244

XERMADE

Anuncio

Convocatoria proceso selectivo reforzo do emprego 2025. Expte. 842/2025.

Por Decreto da Alcaldía núm. 2025-0580 de data 18/11/2025 foron aprobadas as bases e a convocatoria do proceso selectivo para o nomeamento de persoal funcionario interino para o proxecto "reforzo do emprego 2025": dous peóns/as de edificación e obras públicas, un/a oficial de 1ª de edificación e un/ha oficial de 2ª - condutor de edificación.

O prazo de presentación de solicitudes é de cinco (5) días hábiles dende a publicación do anuncio no BOP. As bases íntegras están publicadas na sede electrónica do Concello de Xermade:

<https://concelloxermade.sedelectronica.es/>

Xermade, 18 de novembro de 2025.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3262

XOVE

Anuncio

PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUNHA (1) PRAZA DE CONSERXE EDIFICIO USOS MÚLTIPLES DO CONCELLO DE XOVE FUNCIONARIO INTERINO POR VACANTE DO ARTIGO 10.1 A) DO TREBEP DURANTE O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A SÚA COBERTURA DEFINITIVA (POSTO 72 RPT) RESERVADA A PERSOA CON DISCAPACIDADE.

Por Resolución de Alcaldía de 13 de novembro de 2025, aprobáronse as bases específicas para a selección dunha (1) praza de conserxe edificio usos múltiples do concello de Xove funcionario interino por vacante do artigo 10.1 a) do TREBEP durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva (Posto 72 RPT) reservada a persoa con discapacidade polo sistema de concurso-oposición e que a continuación se transcriben:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, COMO FUNCIONARIO INTERINO, DUNHA PRAZA DE CONSERXE EDIFICIO USOS MÚLTIPLES ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para a provisión como **funcionario interino** dunha praza de conserxe edificio usos múltiples, pertencente á escala de Administración Xeral, subescala Subalterna, polo sistema de Concurso-oposición de acordo co previsto no artigo 169. do TRRL, non sendo posible a súa cobertura como funcionario de carreira.

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.

GRUPO: AP

NIVEL C.D.: 12

FUNCIONARIO INTERINO: Escalda de administración xeral, subescala subalterna do artigo 169 do TRRL

DENOMINACIÓN: CONSERXE EDIFICIO USOS MÚLTIPLES

XORNADA DE TRABALLO: Xornada parcial (22 horas semanais)

FUNCIONARIO INTERINO A TEMPO PARCIAL: Artigo 47.1 do TREBEP

FUNCIÓNS DA PRAZA: As descritas na relación de Postos de Traballo (posto núm. 72)

SUPOSTO DE INTERINIDADE: Vacante art 10.1 a) e 23.2 a) LEPG

3.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- Artigo 55.1 do E.B.E.P.: *“Todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.*

- Artigo 55.2 do E.B.E.P.: *“As Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

(a) Publicade das convocatorias e das súas bases.

(b) Transparencia.

(c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

(d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

(e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

(f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

- Artigo 61.1 do E.B.E.P.: *“Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.*

- Artigo 10 do E.B.E.P.: *“Son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales con carácter temporal para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias:....a) a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un máximo de tres anos, nos termos previstos no apartado 4”.*

- Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: *“A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.*

- Artigo 170 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local: “*Terán a consideración de funcionarios de Administración Especial os que teñan atribuído o desempeño das funcións que constitúen o obxecto peculiar dunha carreira, profesión, arte e oficio*”.

- Artigos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de **CONCURSO-OPOSICIÓN RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE**, de acordo co establecido no R.D. 896/91, de 7 de xuño; no artigo 4 do RD 364/95 de 10 de marzo e no artigo 169.2 do Real Decreto Lexislativo 781/1986

5.- REQUISITOS

Para tomar parte nestas probas selectivas será necesario reunir na data de remate do prazo sinalado para a presentación de instancias, os seguintes requisitos:

5.1.- Requisitos Xerais:

a) Nacionalidade: Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do E.B.E.P.

b) Discapacidade: Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza sendo que soamente poderán ser admitidas no proceso de selección aquelas persoas con discapacidade, igual ou superior ao 33%.

c) Idade: Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa nos termos establecidos no artigo 56.1.c) do E.B.E.P.

d) Habilitación: Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de seren nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin ter sido sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

5.2.- Requisitos específicos:

O coñecemento da lingua galega: os interesados deberán estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 2 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa D.A. 2ª da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G.A. 146 de 30/07/2007), modificada pola Orde de 10 de febreiro de 2014 (D.O.G.A. 34 de 19/02/2014).

Caso de non dispor do CELGA 2, o coñecemento da lingua galega acreditarase mediante a superación dunha proba tipo test plantexada polo Tribunal a realizar antes do exercicio escrito da fase de oposición. Esta proba de coñecemento da lingua non terá puntuación máis será requisito imprescindible superala.

6.- PUBLICACIÓN.

O extracto da convocatoria e das bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica da páxina web (<https://xove.sedelectronica.gal>). A data de publicación no B.O.P. abre o prazo de presentación de solicitudes.

7.- SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO

Instancias e documentación adicional. As persoas interesadas poderán participar no presente proceso selectivo mediante unha solicitude no modelo oficial que estará dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Xove unha vez iniciado o prazo para a presentación de instancias.

Os erros de feito, materiais ou aritméticos que se puideran advertir, poderán subsanarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que teñan feito constar na súa solicitude, podendo únicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

As persoas con discapacidade con grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que o soliciten deberán formular petición concreta na solicitude de participación na que se reflexen as necesidades específicas que ten o candidato/a para acceder ao proceso de selección en igualdade de condicións. Co fin de que o Tribunal poda

resolver con obxectividade a solicitude plantexada, o interesado deberá adxuntar dictame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que ditaminou o grao de minusvalía.

Xunto coa instancia deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Fotocopia dos documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do E.B.E.P.

b) Acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

c) Certificado acreditativo de estar en posesión do Celga 2 ou o equivalente debidamente homologado, nos termos reflectidos na Base 5.2

d) Documentación acreditativa dos méritos a valorar na fase do concurso.

*** OS/AS ASPIRANTES, ABSTERANSE DE PRESENTAR XUSTIFICACIÓNS DE MÉRITOS CLARAMENTE NON PUNTUABLES.**

Forma de presentación.

a) Presentación en papel:

Deberá presentar a documentación requirida antecedita do oportuno índice de documentos, no que sinala nominativamente cada documento. A documentación a presentar constará debidamente foliada con reflexo no antedito índice, a fin de facilitar a labores do órgano de selección.

b) Presentación electrónica:

No caso de presentar a solicitude a través da sede electrónica do concello, deberán presentar toda documentación en formato .pdf, non admitindo outros formatos electrónicos coma capturas en formato .jpg.

Deberán presentar o oportuno índice de documentos no que sinala nominativamente cada documento.

Por último, presentarán cada documento que aporte, sexa este como requisito para participar ou ben como mérito a valorar nun único documento .pdf, non sendo admisible agrupar nun único documento pdf. toda a documentación a presentar.

Prazo de presentación: este será de **DEZ DÍAS HÁBILES** contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no B.O.P.

Lugar de presentación:

De xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas en días laborables (luns a venres).

A través de medios telemáticos na Sede Electrónica do Concello de Xove.

Por calquera das formas que determina o artigo 16.4 da L 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

A participación neste proceso implica a aceptación íntegra destas bases.

Se en calquera momento do proceso selectivo se constatase que os aspirante incorreu en falsidade na documentación aportada ou na declaración na que asegura estar en posesión de determinada documentación, o órgano competente procederá a excluílo do proceso selectivo.

Consentimento ao tratamento de datos persoais: Coa formalización e presentación da solicitude, as persoas aspirantes darán o consentimento expreso ao tratamento dos datos de carácter persoal necesarios para tomar parte na convocatoria e para o resto de tramitación do proceso selectivo, consonte a normativa vixente.

8.- LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS.

Listaxe provisional. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a listaxe provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas. A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello (<https://xove.sedelectronica.gal>).

Prazo de alegacións. O prazo para que as persoas excluídas poidan alegar o que consideren será de 2 días hábiles a contar dende a publicación da resolución que aprobe a listaxe provisional no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica. O dito prazo poderá ampliarse a 4 días no suposto que se observe a imposibilidade do aspirante de presentar os documentos necesarios para a súa inclusión na listaxe definitiva.

Listaxe definitiva. De considerar as alegacións presentadas, aprobarase a listaxe definitiva, que se publicará nos mesmos lugares que a provisional.

De non existir alegacións á listaxe provisional, ou se os seus fundamentos non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Recursos contra a listaxe definitiva. Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

9.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Composición. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do E.B.E.P. e estará integrado por, tendo todos eles voz e voto, excluído o Secretario do Tribunal:

- Un Presidente
- Catro vogais
- Un Secretario

Na composición do Tribunal tenderase, de ser posible, á paridade entre homes e mulleres debendo protexerse igualmente o principio de especialización a que fai referencia o artigo 4 do RD 896/1991, de 7 de xuño.

Deberá designarse un suplente para cada membro do Tribunal.

Os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Nomeamento e publicación. As persoas que integren o Tribunal, serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicárase na Sede Electrónica do Concello aos efectos de que os aspirantes podan formular recusación.

Abstención e recusación. Os membros do Tribunal, absteranse de intervir, comunicándollo á Alcaldía, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no correspondente artigo da vixente Lei do Procedemento Administrativo Común, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado na citada Lei.

Actuacións do Tribunal. O Tribunal non actuará cun quorum de asistencia inferior a tres membros, sendo sempre necesaria a asistencia dos compoñentes que exerzan as funcións da Presidencia e da Secretaría; non obstante, ante a ausencia dos titulares e/ou suplentes da Presidencia e/ou da Secretaría, poderán actuar como tales os membros asistentes, titulares e/ou suplentes, das distintas vogalías. As devanditas substitucións realizaranse utilizando a orde empregada na resolución de nomeamento dos correspondentes membros para exercer as funcións de vogais.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas interpretativas que xurdan para aplicación das normas contidas nas presentes Bases estando igualmente facultado para resolver as cuestións que se susciten durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

Segundo as circunstancias do proceso, cando razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellasen, o Tribunal, por medio da Presidencia, poderá dispor a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que poderá ser persoal do Concello ou doutras administracións públicas que limitarán a súa intervención á colaboración que, en función das súas especialidades técnicas, lles solicite o Tribunal polo que actuarán con voz pero sen voto.

Os acordos do tribunal adoptaranse conforme ao estipulado para a actuación dos órganos colexiados na vixente Lei de Procedemento Administrativo e axustarán a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como á normativa en materia de acceso ao emprego público.

Pagamento de asistencias e indemnizacións. Os membros do Tribunal, así como os asesores e colaboradores, no seu caso, terán dereito pola súa concorrencia ás sesións ao pagamento de asistencias, gastos de desprazamentos e de manutención, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

10.- CITACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E ÁS PERSOAS ASPIRANTES PARA LEVAR A CABO O PROCESO SELECTIVO.

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización tanto da proba de coñecemento da lingua galega como da fase de oposición deberá publicarse no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica cunha antelación mínima de 48 horas á hora da súa celebración.

As persoas aspirantes presentaranse ás probas previstas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, podendo ser requiridos en calquera momento polo Tribunal.

11.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

11.1.- FASE DE OPOSICIÓN: (TOTAL 60 puntos)

O procedemento de selección, na Fase de Oposición, constará dun exercicio que consistirá en responder a 30 preguntas tipo test (máis catro preguntas de reserva) relacionadas coas tarefas propias da praza de conserxe edificio usos múltiples e do Programa de Acceso contido no Anexo I. Este exercicio terá unha puntuación máxima de 60 puntos.

Cada pregunta terá tres respostas posibles, das cales, só unha é correcta.

O tempo para a realización da proba non excederá de 45 minutos

Pregunta acertada: 2 puntos.

Pregunta incorrecta: - 0'15 puntos

Pregunta non contestada: 0 puntos.

Durante o tempo fixado para a realización do exercicio non se poderán usar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores ou similares, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para o exercicio no que resulte necesario. O incumprimento suporá a exclusión do procedemento de selección por parte do Tribunal.

A fase de oposición é obrigatoria e eliminatoria debendo obterse para a súa superación un mínimo de 30 puntos.

11.2.- FASE DE CONCURSO (TOTAL 40 puntos).

Unicamente se valorarán os méritos correcta e debidamente aportados xunto coa instancia e que estivesen documentalmentemente xustificadas.

Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións da praza sinalada na Base 2.

11.2.1.- Experiencia profesional (Total 40 puntos).

Valorarase o tempo de desempeño das funcións de conserxe ou denominación alternativa que inclúa a realización das tarefas propias da praza convocada como funcionario ou contratado laboral en calquera administración pública ou empresa privada ata un máximo de 40 puntos a razón de 1,5 puntos por mes completo traballado.

- O desempeño das funcións de conserxe, como funcionario ou contratado laboral en calquera administración pública e/ou en entidades do sector público, acreditarase mediante certificación expedida polo Técnico competente de dita Administración ou entidade na que se certifique o tempo traballado na mesma desempeñado as funcións de persoal de limpeza viaria, xunto cun informe de vida laboral cunha antigüidade máxima de tres meses.
- O desempeño das funcións de conserxe no sector privado, acreditarase mediante a presentación dos contratos formalizados nos que figure reflexado que o seu obxecto é o desempeño das funcións de persoal de conserxe, xunto cun informe de vida laboral cunha antigüidade máxima de tres meses.

As persoas aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude referida anteriormente e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo conforme ao previsto nestas bases.

Consecuencias de non acreditar os méritos.

O Tribunal cualificador poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos non achegados sen xustificación nos termos establecidos nos dous parágrafos anteriores.

Non acreditar os méritos tal e como se sinala a continuación, acreditarlos de forma insuficiente, a xuízo do Tribunal, ou presentalos fóra do prazo de presentación de solicitudes, non será emendable, polo que non serán tidos en conta polo Tribunal.

11.3.- NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.

Fase de oposición

O Tribunal requirirá, ao inicio de cada proba da fase de oposición a identificación dos aspirantes, a cuxo fin deberán estar provistos no D.N.I. ou calquera outro documento acreditativo da súa identidade.

No suposto de que algún tema dos integrantes no temario que figura como Anexo I se vise afectado por algunha modificación, ampliación ou derogación normativa, esixirase en todo caso a normativa vixente no momento da realización das respectivas probas.

A fase de oposición garantirá o anonimato dos candidatos e a tal efecto cada aspirante, unha vez identificado con carácter previo ao comezo das probas, seleccionará aleatoriamente un sobre no que figurará un código, que deberá reservarse para sí, facendo constar dito código no exame no que consista a fase de oposición. En

dito sobre igualmente deberán encherse os datos identificativos do candidato (nome, D.N.I. e sinatura) así como o código que lle corresponde. Os sobres cos datos identificativos e os códigos asignados a cada aspirante, unha vez pechado polos candidatos, serán entregados ao Tribunal, quen os custodiará, debidamente pechados, ata a súa apertura en acto público unha vez rematado o proceso de selección, que será o mesmo día de celebración do exercicio de carácter teórico. O Tribunal excluírá a aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

Somentes se admitirán reclamacións contra o acordo do Tribunal relativo á proba que se desenvolva mediante tipo test, sempre que o tribunal decida a súa admisión. En ningún caso caben contra outro tipo de probas ou exercicios do proceso selectivo.

As reclamacións, de admitírense, somentes se poderán presentar a través da Sede Electrónica Municipal e formularanse no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no Taboleiro da Sede Electrónica o resultado da proba tipo test correspondente ao primeiro exercicio.

No suposto de presentación de reclamacións ou alegacións o Tribunal convocará sesión aos efectos do exame, valoración e estimación ou desestimación das mesmas e das correccións que, no seu caso, fose necesario realizar.

Tanto a estimación como a desestimación das alegacións ou reclamacións presentadas, deberán ser motivadas polo Tribunal e dita motivación será reflectida na Acta así como as correccións derivadas das mesmas.

Fase de concurso

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirantes que superaran a fase de oposición.

No caso de que os documentos aportados non xustifiquen plenamente os méritos alegados dando lugar a dúbidas ao Tribunal, os mesmos non se terán en conta e non serán valorados nin puntuados.

Como resultado do proceso levantarase a correspondente Acta, que será asinada por todos os membros do Tribunal.

12.- CUALIFICACIÓN FINAL, PROPOSTA DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN

A cualificación final establecerá a orde definitiva das persoas aspirantes que superaron o procedemento selectivo. A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada un dos exercicios da fase de oposición.

No caso de empate, a orde dos aspirantes establecerase atendendo aos seguintes criterios:

1º.- Maior puntuación no segundo exercicio.

2º.- Maior puntuación no terceiro exercicio

3º.- Maior puntuación no primeiro exercicio

4º.- Se aínda así persistise o empate, o Tribunal celebrará unha proba a realizar entre os aspirantes empatados, na data e hora que se comunicará previamente e consistirá nunha proba tipo test de características similares á descrita na Base 11.2.1.

Rematado todo o proceso, o Tribunal publicará as calificacións finais definitivas e remitirá ao Alcalde-Presidente, proposta de nomeamento a favor do aspirante con maior puntuación.

Aos efectos de garantir a provisión da praza o Tribunal elevará ao Sr. Alcalde-Presidente a relación de aspirantes ordeada por orde decrecente segundo a puntuación obtida para o caso de que se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se rexistre a renuncia expresa antes da toma de posesión ou que teña lugar outro feito que impida a toma de posesión do aspirante proposto.

b) Que o aspirante proposto non presente a documentación esixida ou do exame desta se deduza que carece dos requisitos esixidos na convocatoria.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

O aspirante proposto presentará no Departamento de Persoal do Concello de Xove os seguintes documentos mediante copias compulsadas ou, se é o caso, orixinais:

a) Certificado médico acreditativo de non padecer impedimento para desempeño das funcións a desempeñar que se sinalan nas bases específicas.

b) Fotocopia compulsada da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

c) No caso de ter a condición de discapacitadas deberá presentar a certificación acreditativa do grado de discapacidade, tendo facultade a Entidade para solicitar ao órgano competente a compatibilidade para desempeño funcional da praza/posto/emprego.

Prazo de presentación. O prazo de presentación será de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación das cualificacións finais definitivas, prazo que poderá ampliarse cando as persoas seleccionadas acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

Unha vez presentada a documentación a que se refiren os parágrafos anteriores, sendo esta correcta, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo co nomeamento do aspirante seleccionado.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que poidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Se o candidato ao que lle correspondese o nomeamento non fose nomeado, ben por desistimento ou por non reunir os requisitos esixidos, poderá nomearse ao seguinte candidato, por estrita orde de prelación, que superase o proceso de selección.

14.- NOMEAMENTO E CESE

Unha vez resolto o proceso selectivo deberá realizarse o nomeamento como funcionario interino do aspirante seleccionado, debendo este tomar posesión ou incorporarse no prazo de 1 mes contado desde o día seguinte á notificación do nomeamento. Previamente á toma de posesión deberá prometer ou xurar o cargo na forma establecida no RD 707/1979, de 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas. De non tomar posesión no prazo indicado, o nomeado/a quedará en situación de cesante, a non ser que presente causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

Por dilixencia farase constar na toma de posesión a manifestación do/a nomeado/a de non vir desenvolvendo ningún posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de incompatibilidade.

Consonte ao previsto no Apartado 4 do artigo 10 do E.B.E.P., ao tratarse dunha praza vacante a cubrir de xeito interino, deberá ser obxecto de cobertura mediante calquera dos mecanismos de provisión ou mobilidade previstos na normativa; transcorridos tres anos desde o nomeamento como funcionario interino, producirase o fin da relación de interinidade e a vacante só poderá ser ocupada por persoal funcionario de carreira, salvo que o correspondente proceso selectivo quede deserto, en cuxo caso poderase efectuar outro nomeamento de persoal funcionario interino. Excepcionalmente o funcionario interino poderá permanecer na praza que ocupe temporalmente sempre que se tivese publicada a correspondente convocatoria dentro do prazo dos tres anos, a contar desde a data do nomeamento do funcionario interino e sexa resolta cosonte aos prazos establecidos no artigo 70 do E.B.E.P. Neste suposto poderá permanecer ata a resolución da convocatoria, sen que o seu cese dea lugar a compensación económica.

15.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

16.- RECURSOS.

As presentes bases vinculan á Administración, ao Tribunal de Selección e a quen participe no proceso de selección, e tanto a presente convocatoria coma as súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do Tribunal de Selección poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e formas que determine a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no seu caso, na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora das Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ANEXO I.

PROGRAMA DE ACCESO

Temario xeral:

Tema 1.- A constitución Española. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.- O réxime Local Español. Regulación xurídica. O Municipio. O termo municipal. A poboación. A organización municipal. Competencias municipais.

Tema 3.- O real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Temario específico:

Tema 1.- A seguridade laboral: Conceptos xerais. Sistemas e equipos de protección individual.

Tema 2.- Carga e descarga de mercadorías. Técnicas e maquinaria a utilizar. Medidas específicas de seguridade.

Tema 3.- Atención ao Público e Comunicación. Acollda, información e orientación ao cidadán e a usuarios. Xestión de queixas e incidencias.

Tema 4.- Traballos básicos de mantemento en instalacións. Xardiñería. Clases de tarefas. Maquinaria, ferramentas e técnicas a utilizar Medidas específicas de seguridade

Temas 5.- Traballos básicos de mantemento en instalacións. Iluminación Clases de tarefas. Maquinaria, ferramentas e técnicas a utilizar. Medidas específicas de seguridade

Temas 6.- Traballos básicos de mantemento en instalacións. Fontanería. Clases de tarefas. Maquinaria, ferramentas e técnicas a utilizar. Medidas específicas de seguridade

Temas 7.- Traballos básicos de mantemento en instalacións. Carpintería. Clases de tarefas. Maquinaria, ferramentas e técnicas a utilizar Medidas específicas de seguridade

Xove, 17 de novembro de 2025.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3245

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2025-1985 DE 12 DE NOVIEMBRE DE 2025 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DAS AXUDAS AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2026

BDNS (Identif.): 868719

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/868719>)

Primeiro. Beneficiarios.

A. LIÑA DE AXUDA Á CONTRATACIÓN

1. Poderán solicitar unha subvención ao abeiro do PEM aquelas empresas ou persoas empresarias calquera que sexa a súa modalidade, autónomas, sociedades civís, sociedades mercantís, fundacións e asociacións e outras entidades aínda carentes de personalidade xurídica, que desexen contratar a unha ou máis persoas que reúnan os requisitos antes referidos, sempre que o contrato sexa de duración mínima inicial de seis meses e cuxa xornada mínima sexa do 50%. Ademais, no caso particular das UTEs, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Quedan excluídas en calquera caso as administracións públicas, sociedades públicas ou calquera outro tipo de ente dependente, vinculado ou con participación dunha administración pública.

En ningún caso se subvencionarán contratacións que non teñan a contratación mínima inicial de seis meses nin unha xornada laboral inferior ao 50 %, incluídos os contratos de substitución que non teñan data concreta de finalización que tampouco se subvencionarán en ningún caso.

B. LIÑA DE AXUDA AO AUTOEMPREGO

Poderán solicitar unha subvención ao abeiro do PEM aquelas persoas que estean empadroadas e con residencia efectiva no municipio mínima de 3 meses anteriores á data de solicitude, requisito que se deberá manter durante toda a vixencia do expediente subvencionado que, de conformidade con estas bases e seguindo o procedemento establecido nas mesmas, creen o seu posto de traballo sempre que se dean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, ou creen unha sociedade. A tal efecto, polo órgano competente poderán recadarse cantos documentos, informes ou antecedentes sexan precisos para o coñecemento da residencia no termo municipal, ben emitidos polos servizos municipais ou por calquera outro que proceda. O proxecto empresarial que se presente ha de reflectir a súa viabilidade técnica e económica.

Segundo. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é facilitar ás persoas de Xove a súa incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo.

Terceiro. Bases reguladoras

As bases reguladoras da subvención obxecto desta convocatoria foron aprobadas a través da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove mediante acordo do Pleno de data 21 de abril de 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 136 de 16 de xuño de 2025, podendo consultarse na Sede Electrónica a través do seguinte enlace:

<https://xove.sedelectronica.gal/transparency/676b7e81-659d-4cf9-9e3b-9b3918520218/>

Cuarto. Contía**A. LIÑA DE AXUDA Á CONTRATACIÓN.**

1.- Establécese un período máximo, de tres anos, tanto para as contratacións indefinidas coma para as temporais, para efectuar libramentos ás empresas que realizasen contratacións ao abeiro do PEM.

2.- As empresas que contraten persoal veciño de Xove ao abeiro do PEM, poderán acollerse a unha subvención por cada persoa contratada, segundo as modalidades existentes:

Subvención a contratacións laborais indefinidas (Incluídas as contratacións fixas descontinuas dun mínimo de 9 meses de duración ao ano): no caso da contratación dun home, máximo de 5.400 para os tres primeiros anos; ata un máximo anual de 1.800 euros. No caso dunha muller, máximo de 6.300 para os tres primeiros anos e ata un máximo anual de 2.100 euros.

Subvención a contratacións laborais temporais de seis meses. Establécese unha subvención para contratación temporal (incluídos os contratos de formación en alternancia, de obtención de práctica profesional e de substitución de persoal con reserva de posto cunha duración mínima de 6 meses). Se a duración da contratación subvencionada é superior a 6 meses e cumpre a normativa do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as cantidades máximas son as seguintes: no caso da contratación dun home, máximo de 3.000 euros para os tres primeiros anos; ata un máximo anual de 1.000 euros. No caso dunha muller, máximo de 3.900 euros para os tres primeiros anos; ata un máximo anual de 1.300 euros.

Cando a duración da contratación sexa inferior aos 12 meses e/ou á xornada a tempo completo establecida en cada caso (sempre igual ou superior ao 50% da xornada), a contía da subvención correspondente calcularase de forma proporcional.

B. LIÑA DE AUDA AO AUTOEMPREGO

Establécese un período máximo para efectuar libramentos de tres anos para as altas de autónomos ao abeiro do PEM.

As persoas beneficiarias deste plan poderán acollerse a unha subvención co límite máximo de 5.400 euros para os tres primeiros anos (límite máximo anual de 1.800 €) no caso dun home e 6.300 euros (límite máximo anual de 2.100 €) para unha muller.

Quinto. Requisitos dos solicitantes**A. LIÑA DE AXUDA Á CONTRATACIÓN**

1. Que non despedisen á mesma persoa para posteriormente acollerse ao PEM, aínda que sexa a través de outras empresas coa mesma persoa representante.

2. Que a empresa ou empresas coa mesma persoa representante ou do mesmo grupo non tivese contratada á mesma persoa acollida ao PEM para calquera das empresas do grupo nos últimos 24 meses.

Que a empresa ou empresas coa mesma persoa representante ou do mesmo grupo, non esgotase os anos de subvención correspondentes do PEM por expediente subvencionado e solicite novamente para a mesma persoa.

Que a empresa ou empresas coa mesma persoa representante ou do mesmo grupo, non esgotase os anos de subvención correspondentes do PEM por expediente subvencionado e substitúa a persoa subvencionada para solicitar unha nova contratación sen manter con carácter fixo, o posto de emprego anteriormente subvencionado.

Que a empresa ou empresas coa mesma persoa representante ou do mesmo grupo, non tivese contratado á mesma persoa durante un período superior a tres anos en calquera das empresas do grupo.

Que estea ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e co Concello de Xove así como coa Seguridade Social. Este requisito poderá acreditarse no momento da solicitude mediante a presentación dunha declaración xurada que se facilitará ao efecto. Non obstante, no momento da xustificación previo o pagamento da axuda, deberán aportarse os correspondentes certificados emitidos polos órganos competentes, sempre e cando non se dea ao Concello a autorización para extraer de oficio os ditos certificados.

Non estar incurso en ningunha das prohibicións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, o que se acreditará mediante a sinatura dunha declaración xurada no modelo que se facilitará ao efecto.

B. LIÑA DE AXUDA AO AUTOEMPREGO

1. Que no momento anterior á alta no Réxime Especial de Autónomos ou outro anteriormente referido estean anotados na OPE como demandantes de emprego sen ocupación.

2. Que teñan máis de 16 anos.

3. Que non percibisen esta mesma subvención nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade. Achegarán declaración ao respecto.

4. Que non desenvolvesen como autónomas a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos 6 meses anteriores á data de inicio de actividade. Achegarán declaración ao respecto. Para estes efectos entenderase por mesma ou similar actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE)

5. Que a actividade se dea de alta no IAE con enderezo no municipio de Xove. Non se subvencionará un cambio de enderezo dunha actividade xa existente, soamente novas actividades.

6. Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, o que se acreditará mediante a sinatura dunha declaración xurada no modelo que se facilitará ao efecto

Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

Data límite de presentación de solicitudes:

O prazo establecido para a presentación de solicitudes será todo o exercicio 2026.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Lugar de presentación: Sede electrónica do Concello de Xove www.xove.es.

Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xove, 14 de novembro de 2025.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3247

MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS

TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL. DIRECCIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Tercera subasta pública para la enajenación de un inmueble.

Resolución de la Dirección Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social de Lugo por la que se anuncia convocatoria de tercera subasta pública mediante procedimiento abierto para la enajenación de un inmueble de su propiedad en Lugo.

Por autorización del Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones de fecha 14 de junio de 2024, se autoriza la enajenación por subasta pública del siguiente inmueble:

URBANA: nave situada en la calle Alcalde Emilio Álvarez, nº 1, localidad de Monterroso (Lugo), con una superficie aproximada registral de 387,50 m² y una superficie construida catastral de 275 m². Figura inscrita en el Registro de la Propiedad de Chantada, Finca nº 7987, Tomo 565, Libro 60, Folio 187

Referencia catastral 5389225NH9358N0001JK.

CONDICIONES URBANÍSTICAS: Las que se derivan del planeamiento urbanístico a verificar por los interesados en el Ayuntamiento.

La nave está exenta del Certificado de Eficiencia Energética de acuerdo con el art.2.d) y f) del RD 128/2016, de 25 de agosto, por el que se regula la certificación energética de los edificios de la Comunidad Autónoma de Galicia.

El tipo de licitación es **69.586 €**, (sesenta y nueve mil quinientos ochenta y seis euros). Reducción motivada por resolución de la Dirección Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social (TGSS) de Lugo, de fecha 14 de octubre de 2025, autorizada por la Dirección General de la TGSS, de fecha 8 de octubre de 2025, conforme al art. 15.4 del RD 1221/1992, de 9 de octubre, sobre el patrimonio de la Seguridad Social.

Garantía a constituir del 5 por ciento del tipo de licitación: **3.479,30 €** (tres mil cuatrocientos setenta y nueve euros con treinta céntimos)

La presentación de ofertas en sobre cerrado, de conformidad con lo establecido en la condición 8ª del Pliego de Condiciones que rige la subasta, deberá realizarse hasta las 14:00 horas del 26 de noviembre de 2025, en la sede de esta Dirección Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social, sita en Ronda Músico Xosé Castiñeira 26-27002 Lugo, o en cualquiera de los registros previstos en la Ley 39/2015 de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

La subasta del inmueble relacionado se regirá por las cláusulas administrativas contenidas en el pliego de condiciones que se encuentra a disposición de los posibles licitadores en la Dirección Provincial de la TGSS de Lugo, y en la página web: www.seg-social.es.

El acto de subasta y la apertura de los sobres se celebrarán ante la Mesa constituida al efecto, el día **12 de diciembre de 2025** a las 10.30 horas, en la sede la Dirección provincial de la TGSS, en Ronda Músico Xosé Castiñeira nº 26 de Lugo.

El inmueble podrá ser visitado previa concertación de cita en los teléfonos 982.29.33.42 / 982.29.36.10 en horario de 9:00 a 13:00 horas.

Lugo, 14 de octubre de 2025.- El director provincial, Juan José Rodríguez Gude.

R. 3246
